

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade

Planeamiento

Anuncio da aprobación do cambio de uso no mercado de Monte Alto, A Coruña (expediente 631/2019/60)

ANUNCIO

O Pleno municipal, na sesión que tivo lugar o 12 de setembro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Primeiro. Cambiar o uso de abastecemento público "AB (Pb)" e asistencial público "AS (Pb)", da parcela de titularidade municipal correspondente co Mercado Municipal de Monte Alto previstos no Plan Xeral de Ordenación Municipal do 2013 vixente, polos usos de abastecemento, educativo e cultural, todos eles de titularidade pública, "AB+ED+CU (Pb)", para a totalidade da parcela.

Segundo. Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro. Remitir este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia para os efectos do seu coñecemento".

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a dereito.

O acordo de aprobación do cambio de uso publicouse no Diario Oficial de Galicia número 206 do 29 de outubro de 2019.

Para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia o cambio de uso aprobado tivo entrada na Consellería de medio ambiente, Territorio e Vivenda o 11 de outubro de 2019.

A Coruña, 2 de novembro de 2019

A alcaldesa

PD. (Decreto 3847/2019, do 27.06.2019)

María Hernández García

Directora Área de Urbanismo

2019/8876